

INSTITUTOS UNIVERSITARIOS
(XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE MARZO DE 1989)

CARÁCTER DOS INSTITUTOS

Art.17 EUSC

1.- Os Institutos Universitarios son centros esencialmente destinados á investigación científica e técnica, así como á creación artística.

2.- A parte das actividades que lles corresponde desenvolver para cumpriren as funcións que lles atribúe o parágrafo anterior, os Institutos Universitarios poden:

a) Realizar, dentro da organización dos programas de estudo da Universidade de Santiago de Compostela, actividades docentes relacionadas con ensinanzas especializadas ou estudos do terceiro ciclo.

b) Prestar asesoramento técnico no marco da súa competencia.

3.- Os Institutos Universitarios débense rexer polas disposicións legais e estatutarias que lles sexan aplicables, e deben estar dotados dun regulamento de réxime interno aprobado pola Xunta de Goberno.

PROCEDEMENTO DE CREACIÓN

A creación é competencia da Comunidade Autónoma a proposta de Consello Social, con informe previo da Xunta de Goberno.

A iniciativa tamén pode corresponder a un ou varios Departamentos e a un ou varios grupos de investigación co informe previo dos Departamentos nos que estén adscritos.

TIPO DE INSTITUTO

Dos distintos tipos de Institutos optaríase, nun principio, pola creación de Institutos Mixtos (financiación externa).

Para a creación dun Instituto Mixto necesítase un convenio cun organismo público ou privado.

TRÁMITE DA SOLICITUDE

A solicitude deberá incluír, necesariamente:

A) Memoria que expoña

- Obxectivos e programas de investigación.

- Xustificación da necesidade de creación atendendo ó carácter interdisciplinar, alta especialización e imposibilidade de logra-los obxectivos propostos con outras estruturas universitarias.

- Entidades, Institucións ou Organismos de Investigación que participen nos programas.

- Programación de actividades (plurianual).

B) Convenio con organismo/s público/s ou privado/s no que se estableza a estrutura orgánica de múltiple dependencia das entidades colaboradoras.

C) Proxecto do Regulamento do Instituto.

D) Memoria que inclúa:

-Gastos:

- de Persoal
- Correntes
- de equipamento
- de investimentos
- Ingresos, desmembrados en aportacións da Universidade e das Institucións copatrocinadoras.

Non terán asignación presupostaria no presuposto da Universidade, a contribución entenderase no persoal propio e equipamento xa existente.

PROCEDIMENTO PARA A EMISIÓN DO INFORME

- Dictame previo da Comisión de Investigación da Xunta de Goberno.
- Informe da Xunta de Goberno.

CRITERIOS PARA EMISION DO INFORME

A) Perfil do Instituto. Centro dedicado a investigación de interese científico e social, que non supoña duplicación de actividade investigadora dos Departamentos.

B) Considerarase:

- A coordinación con outros organismos que desenvolvan actividade análoga.
- As actividades desenvoltas con anterioridade.
- Expectativas de futuro e incidencia da investigación a realizar na Universidade e na Comunidade.
- Carácter interdisciplinar dos programas de investigación.
- Outras actividades a desenvolver (Terceiro Ciclo, máster, especialización).
- Recursos humanos existentes.
- Recursos materiais, existentes e por adquirir, en concreto: locais, laboratorios, equipos, outros recursos.
- Financiamento, fundamentalmente transferencias doutras institucións e recursos que poidan xerar.
- Proxectos de convenio, con especial consideración á tutela pola Universidade.
- Réxime previsto no suposto de extinción do convenio.

CRITERIOS SOBRE O PERSOAL

- Profesorado Universitario, que continuará mantendo as súas obrigas docentes no 1º e 2º ciclos. A adscrición ó título enténdese soamente para a xornada investigadora.
- Persoal do organismo copatrocinador.
- Persoal contratado especificamente para programas de investigación.
- Bolseiros.
- Persoal de Administración e Servicios. Podería ser persoal propio da Universidade adscrito temporalmente ó Instituto.

O persoal adscrito ó Instituto, e a súa actividade investigadora, non computarán para os efectos de axuda de investigación no Departamento, nin, por iso, dispoñerá da mesma.

DURACIÓN DO INSTITUTO

En tódolos casos de duración limitada (5 anos) renovables, no seu caso, se continúan cumpríndose as condicións que aconsellaron a súa creación.